

---

## Recursos Humanos mangonea a Comisión de Xestión

Dende hai tempo os responsables de Recursos Humanos nesta provincia interfíren na labor que realiza a Secretaría da Comisión de Xestión, revisando e cociñando as actas que elabora antes de envalas aos representantes dos traballadores.

Isto mostra unha falla de respecto de cara á RRTT que temos dereito a recibir unha acta imparcial e sen cociñar. Tamén pon ó descuberto a ralea dos responsables de Recursos que non respectan o traballo dunha persoa que ten demostrado a súa capacidade profesional exercendo de Secretaria.

Nesta situación as actas non se asinan dende hai anos pero ultimamente a empresa teima en que se volvan a asinar.

A CIG xa lle fixo constar que para que isto teña lugar as actas deben facerse como é debido, ante isto a resposta da empresa na última reunión foi que "É RRHH quen fai as actas". Con isto pretende converterse RRHH en "xuíz e parte"

A negativa da CIG a asinar as actas nestas condicións pretende evitar que estas só teñan valor para a empresa, a miúdo recollen valorizados os argumentos que utiliza a empresa para xustificar calquera decisión (incluso aparecen algúns que non se deron na propia reunión) ou se censuran os que lles resultan inconvenientes. Os argumentos expostos pola RRTT son minorizados ou non aparecen, deste xeito a acta sérvelle á empresa para reforzar a medida que está intentando adoptar.

Dende a CIG, á marxe doutras posibles accións, procuraremos implicar ó Comité de Empresa para tratar de rachar esta dinámica imposta por parte de RRHH para que de unha vez por todas a Comisión Provincial de Xestión funcione con normalidade.

*A Comisión Provincial de Xestión é o órgano de negociación e (relación) comunicación entre o Comité provincial e a Dirección da empresa. Ten a seguinte composición:*

- **Pola parte social:** Presidente e Secretario do Comité máis 1 membro por cada sindicato que teña o 10% de representación. (Na Coruña CCOO, UGT e CIG)
- **Pola empresa:** Os responsables de RRHH máis representantes dos departamentos implicados nos temas que se vaían a tratar. Recursos preside, modera e designa á Secretaria.

*É importante que a acta recolla con fidelidade e imparcialidade o tratado na reunión en interese de tódolos traballadores que teñen dereito a coñecer, e usar se é o caso, o documento.*

A Coruña 9 de xaneiro de 2008